

| Paseos Literarios por Compostela que comezan da man de Esperanza Mariño

BY LINDEIROS ON 8 SETEMBRO, 2017

COMPOSTELA

Compostela, 8 de setembro do 2017 – A Concellaría de Acción Cultural e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) organizan un ciclo de Paseos Literarios por Compostela que procura outra ollada á historia e xeografía da cidade.

A escritora e investigadora compostelá Esperanza Mariño Davila, o autor e profesor de lingua e literatura santiagués Daniel Asorey, o novelista limiño Antón Riveiro Coello e a poeta viguesa Marta Dacosta idean e conducen as catro rutas literarias que o ciclo levará ás rúas de Compostela cada xoves entre o 14 de setembro e o 5 de outubro.



A participación nos paseos literarios é gratuíta, pero está limitada a 50 prazas, polo que as persoas interesadas deben reservar a súa no correo comunicacion@auditoriodegalicia.org. Teñen de prazo até o día anterior a cada un dos percorridos. Os catro itinerarios previstos arrancarán ás 18:00 horas.

O ciclo ábrese o xoves 14 de setembro co Itinerario compostelán de Isaac Díaz Pardo, con Esperanza Mariño Davila. Partindo da casa natal da Tumbona, na rúa das Hortas, a escritora conducirá unha visita aos lugares clave na vida compostelá de Isaac Díaz Pardo, que conecta as épocas republicana e democrática (adolescencia xunto coa madurez e ancianidade), e salienta a súa importancia literaria.

A casa natal de Isaac Díaz Pardo, a rúa que leva o seu nome, o Colexio de Fonseca, a carballeira de Santa Susana e o Museo do Pobo Galego son só algúns dos lugares polos que pasará o percorrido. O prazo límite para reservar praza é o mércores 13 de setembro ás 14:00 horas.

O seguinte xoves, 21 de setembro, vez para Daniel Asorey e o seu itinerario Compostela en Nordeste. Con saída da Cruz de San Pedro, o autor santiagués guiará as persoas asistentes pola Compostela da novela que lle valeu o premio de Narrativa Breve Repsol 2016. Da súa man, coñecerán a capital da República das Santas Irmandades da Galiza e a figura de Carme de Candingas, vedora maior da mesma.



A ruta partirá da Cruz de San Pedro e percorrerá os lugares polos que transita a novela, até concluír no Palacio da Xunta Xeral, actual sede do Concello.


Dende as súas xanelas, as persoas visitantes poderán albiscar o lugar exacto onde Nordeste remata. As reservas, ata as 14:00 horas do mércores 20 de setembro.

Antón Riveiro Coello é o protagonista do seguinte percorrido, titulado *Os elefantes en Compostela* e previsto para o xoves 28 de setembro. Ten como punto de partida a carballeira de San Lourenzo e levará os/as participantes por diversos espazos que son o pano de fondo da novela *Os elefantes de Sokurov*, de Antón Riveiro Coello.



Nunha orde inversa á liña argumental do texto, o autor guiará as persoas inscritas por unha ruta que parte do barrio de San Lourenzo, pasa polo Pombal e chega á praza de Cervantes, onde comeza a historia duns personaxes que nos van amosando a súa visión entusiasmada e sensorial dunha cidade múltiple que transcende, que amorea os séculos na pedra e a converten nun museo aberto. A inscrición remata o mércores 27 de setembro ás 14:00 horas.

O ciclo finalizará o xoves 5 de outubro con *Compostela en Crear o mar en Compostela*, con Marta Dacosta, un percorrido que sairá da praza de Mazarelos, diante da antiga Facultade de Filoloxía. Compostela é ese lugar en que fomos recalando. Os seus espazos son testemuña do agromar de proxectos e xeracións. A historia da poesía galega pasa sempre por esta cidade que foi o crisol no que se fundiron as voces que chegaban dos diferentes puntos cardinais.



A través das súas rúas, faremos memoria das xeracións poéticas que a cidade viu nacer, nomeadamente da promoción dos 90. Tras a saída de Mazarelos, o itinerario percorre lugares como a rúa do Castro, o Preguntoiro, Entremuros, a rúa Nova e a estatua de Rosalía na Alameda. Este itinerario pode reservarse ata as 14:00 horas do mércores 4 de outubro.

[◀ PREVIOUS ARTICLE](#)

Ameneiro, en Teo, vive a festa do Monte Carmelo

[NEXT ARTICLE ▶](#)

O San Caralampio un ano mais en melide

RELATED POSTS